

ANUNCIO

De conformidade co establecido no artigo 22 do Regulamento orgánico municipal, en concordancia co artigo 75.5 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, por medio do presente anuncio dáse publicidade á Resolución desta Alcaldía, de data 14 de xullo de 2011, relativa á determinación dos membros da Corporación que desempeñarán as súas funcións en réxime de dedicación parcial, que consta da seguinte parte dispositiva:

Primeiro: Os membros da Corporación que exercerán as súas funcións en réxime de dedicación parcial, coas retribucións e réxime de dedicación acordados polo Pleno da Corporación en sesión extraordinaria de 12 de xullo actual, son os seguintes:

- Dona M^a Jesús González Roel
- Don Felipe Andreu Barallobre
- Dona Rocío Vila Díaz
- Don Fernando Caride Suárez
- Dona Marta María Vázquez Golpe
- Don Santiago Manuel Ríos Rama

Segundo: De conformidade co establecido no artigo 19.3 do Regulamento orgánico municipal, notifíquese aos concelleiros/as designados para os efectos da súa aceptación expresa, e posterior comunicación ao Pleno na seguinte sesión ordinaria. A aceptación deberá producirse no prazo dos dez días seguintes dende a notificación. Transcorrido o dito prazo, entenderase que non acepta o cargo.

Terceiro: Con base nos acordos do Pleno da Corporación de referencia, como alcalde-presidente do Concello de Cambre, desempeñarei as ditas funcións en réxime de dedicación parcial, coas retribucións e dedicación acordados.

Cuarto: Co fin de dar cumprimento ao previsto no artigo 22 do Regulamento orgánico municipal, unha vez aceptados os cargos, publíquese a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia, taboleiro de anuncios da Corporación e páxina web municipal.

Cambre, 21 de xullo de 2011

O alcalde

Manuel Rivas Caridad